



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Intervención

*Aprobación do padrón fiscal das taxas polos cursos e actividades nas instalacións deportivas de xuño 2025*

##### EDICTO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 19/06/2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de xuño de 2025, que comenza por 32556\*\*\*\* e remata por 32926\*\*\*\*, cun importe de 31.199,32 € e 1.586 contribuíntes.

**Exposición:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP

Durante o periodo de exposición pública contra as liquidacións incorporadas ao padrón, tódolos interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Recursos:** Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDICTO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Narón, 19 de xuño de 2025

A alcaldesa

Marián Ferreiro Díaz

2025/4070